



**CULLEREDO**  
CONCELLO

## **BANDO DA ALCALDIA**

Con motivo da celebración das festas do San Xoán 2023, resulta necesario regular algúns aspectos da nosa convivencia cidadá. O presente bando ven a determinar as disposicións mínimas a cumprir para o mellor disfrute das festas das lumaradas de San Xoán. En consecuencia e en uso das facultades concedidas no artigo 124g da lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

DISPOÑO;

### **1. LUMARADAS**

- O horario das lumaradas establececese a partir das 18:00h do día 23 de xuño ata as 3:30h do día 24 de xuño.
- As lumaradas non poderán ter unha altura superior á que determinen os Servizos de Emerxencias e Seguridade Municipais que as inspeccionen, e que en todo caso estará en función da súa situación, das distancias a edificios e a outros elementos do ámbito.
- Non se poderán realizar lumaradas preto de colectores, vehículos, vivendas, etc. (segundo os criterios do punto anterior e en todo caso cunha separación mínima de 15 metros).
- **Non está permitido a realización de lumaradas nas zonas verdes, parques infantís incluíndo os 15 metros da súa contorna.**
- Non está permitido o uso de combustibles nin acelerantes nas lumaradas, sardiñadas, barbacoas e similares.
- Non se poderá acender lumaradas sen unha protección do chan con area ou materiais similares.
- As sardiñadas, barbacoas e similares non poderán realizarse ocupando calzadas nin entorpecer a circulación de vehículos; deberán contar con illamento térmico e limparse ao finalizar, debendo de comprobarse que están apagados os rescaldos antes de rematar; a barbacoas, grella ou similar non poderá estar apoiada directamente no chan (altura mínima 40cm).
- Deberán contar con extintor ou sistema similar para actuación ante emerxencias.
- Nas zonas onde se realicen as lumaradas, sardiñadas, barbacoas e similares, unha vez finalizadas, **as persoas responsables das mesmas deberán restablecer as condicións de limpeza, seguridade, hixiene e ornato público.**

### **2. SERVIZOS DE SEGURIDADE E EMERXENCIAS**

- Os servizos de Seguridade e Emerxencias Municipais (Policía Local e Protección Civil) velarán polo cumprimento do regulado nesta disposición e no resto das ordenanzas municipais, de forma que no suposto de que as persoas responsables de instalacións, actos, eventos (incluídos a celebración de lumaradas, sardiñadas, barbacoas ou similares) non as retiren ou modifiquen voluntariamente en caso de ser requiridos para iso por razóns de seguridade, poidan proceder á súa retirada inmediata e traslado onde se estime necesario, iso sen prexuízo da iniciación, se é o caso, do expediente sancionador que puidese corresponder.

### **3. EVENTOS E ACTOS, SARDIÑADAS, BARBACOAS E SIMILARES EN ESPAZOS PÚBLICOS E PRIVADOS**

- Recórdase que a celebración de lumaradas, sardiñadas, barbacoas ou actos similares con motivo da celebración das festas do San Xoán están suxeitas a COMUNICACIÓN PREVIA ao Concello por escrito ou e-mail ([sanxoan@culleredo.es](mailto:sanxoan@culleredo.es)) indicando datos da persoa responsable (dni, enderezo e teléfono de contacto) así como ubicación exacta da parcela ou solar onde se vai celebrar a lumarada (plano de situación ou referencia catastral).
- O prazo para realizar as comunicacións remata o 22 de xuño (as solicitadas fora de prazo consideraranse non autorizadas).

### **4. INFRACCIONS**

- Nos supostos previstos na lexislación vixente e sempre que existan razóns de seguridade que o aconsellen, á Policía Local poderá proceder, como medida preventiva ao comiso e retirada de todo tipo de materiais, instalacións ou bens mobles en xeral, logo de requirimento aos interesados cando iso fose posible. Se a comida fose perecedoira, procederase á súa destrución ou entrega a centros benéficos.

### **5. NORMAS COMPLEMENTARIAS**

- A concellaría delegada de Seguridade Cidadá queda autorizada para ditar as instrucións complementarias que as circunstancias e o desenvolvemento dos festexos esixan.

A Alcaldía agradece a colaboración de todos/as os/as veciños/as de Culleredo, así como a todos/as os/as visitantes que estes días nos acompañen na celebración das festas do San Xoán 2023

Culleredo, 14 de xuño de 2023

O ALCALDE en funcións

Jose Ramón Rioboo Castro

# **bando da alcaldía**